

Cartografía poética

Cabalos entre dous mundos

ARMANDO REQUEIXO

En apenas tres anos Xavier Lama ten conseguido referenciarse como un poeta de relevo no noso panorama literario. Narrador e dramaturgo recoñecido, desembarcou no xénero lírico con *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), ao que seguiu *Melancolía líquida da idade das Vacas* (2008) e, hai nada, *Cabalos do alén na cidade das fábulas* (2009).


Do seu último libro podería dicirse, sen medo a equivocarse, que é un longo e único poema en estacións sobre Compostela. É tamén, polo mesmo, un canto á nosa historia simbolicamente representada na capital do vello Reino e, asemade, unha curta-metraxe versal do que hoxe somos, do que a cidade antiga segue a representar identitariamente para as galegas e galegos nos comezos deste novo milenio.

De todos os escritos por Lama este é, seguramente, o poemario máis elaborado arquitectonicamente: cinco seccións, preto de medio centenar de composicións e dous poemas prologais. Na cerna, textos que reflicten o Santiago bautismal e biográfico do poeta (cando chegou á cidade sendo estudante), o órfico (inzado de sombras do pasado como Xelmírez, Rosalía ou Casal), a cidade fic-

cional (patria dos marxinais e peregrinos, dos vagabundos e outros estafalarios locais como as Tres Mariás), a urbe vivencial (rúas de chuvia, badaladas e incenso) e mesmo a Compostela espiritual (priscilianista, habitada por seres do ultramundo e vixias que asexan dende o Pórtico da Gloria).

Como acontecía en anteriores obras, tamén aquí o discurso poético entremestura as súas fías con outras artes, como a pintura, a fotografía ou o cinema. O resultado é un pano fino, que se vende só e que espellea multicolor coas luces de Pieter Brueghel, Man Ray, Magritte ou Buñuel, tan presentes nestas

páxinas como os seus colegas da escrita Cioran, Victor Hugo, Calvino, Elliot, Pizamik ou Dylan Thomas.



Igualmente, este libro empasta con anteriores apostas poéticas do escritor ao incluírse nel un animal-símbolo. Así, se no seu primeiro poemario era o pulo do tigre quen alentaba tras cada verba, se con posterioridade foi a enigmática ollada de rebelde mansedume da vaca a que o señoreou todo, agora é a complexa figura híbrida do cabalo a que ocupa o seu trono nos poemas, presidíndolos como un tótem que comunica o mundo do empírico coas portas do alén nunha cidade, non o esqueza-mos, adorariz da morte na figura do Apóstolo.

Cabalos do alén na cidade das fábulas regálanos unha cartografía poética coa que refundar a cidade, un itinerario alternativo e sentimental no que o ficticio e o real camiñan da man cara a unha nova Compostela principio e fin dos nosos soños, melancolía eterna dunha Terra que segue a se buscar.

LAMA, Xavier, *Cabalos do Alén. Na cidade das fábulas*, Ed. Dep. A Coruña, 2009, PVP 12 €